

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO EN DATA 7 DE AGOSTO DE 2008.-

Presidente:

Sr. Alcalde-Presidente
D. José Iván Puentes Rivera.

No salón de sesións da Casa Consistorial do Concello de Fene (A Coruña), sendo as dezaoito horas e oito minutos do día sete de agosto de dous mil oito, reúnese, en primeira convocatoria, o Pleno do Concello ao obxecto de celebrar sesión ordinaria, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. José Iván Puentes Rivera, e coa Asistencia dos/as Sres/as Concelleiros/as Don Antón Lois Noceda Carballo, D^a M^a Carmen Silvar Canosa, Don Manuel López Rodríguez, D^a Amalia García Balado, Don José Antonio López Rodríguez, D. Manuel Angel Rodríguez Carballeira, D^a Rita María Couto Seijido, Dona Inés Roca Requeijo, Don Manuel Vicente Pico Sanmartín, Don Manuel Polo Gundín, Don Edgar Antonio Vigo López, D. Gumersindo Pedro Galego Feal, D^a Rocio Aurora Bértoa Puente, Don Juan José Franco Casal, Dona M^a Pilar Fornos Corral e Don Manuel Sánchez Martínez.

Asistentes:

D. Antón Lois Noceda Carballo.
D^a M^a Carmen Silvar Canosa.
D. Manuel López Rodríguez.
D^a Amalia García Balado.
D. José Antonio López Rodríguez.
D. Manuel A. Rodríguez Carballeira
D^a Rita María Couto Seijido.
D^a Inés Roca Requeijo.
D. Manuel Vicente Pico Sanmartín.
D. Manuel Polo Gundín.
D. Edgar Antonio Vigo López.
D. Gumersindo Pedro Galego Feal.
D^a Rocio Aurora Bértoa Puente.
D. Juan José Franco Casal.
D^a M^a Pilar Fornos Corral.
D. Manuel Sánchez Martínez.

Asiste á sesión a Interventora municipal D^a Marta Roca Naveira, e actúa como Secretaria Dona Ana María Vázquez Menéndez, secretaria accidental, por Resolución da Alcaldía núm. 470 de data 17 de xullo de 2008, que da fe do acto.

Interventora:

D^a Marta Roca Naveira.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se da o quórum legalmente esixido polo artigo 90.1 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, declara aberta a sesión, pasándose ao estudio e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

Secretaria :

D^a. Ana M^a Vázquez Menéndez.
Secretaria accidental.

O Alcalde- Presidente toma a palabra para manfiestar que se produce unha variación na orde do día, que o punto 7^o da convocatoria sobre a posta en marcha dos orzamentos participativos en Fene, se retira, xa que para trámitar este asunto non é necesario o acordo do Pleno e que a proposta xa foi ditaminada na Comisión Informativa de Organización e Seguridade de data 4 de agosto de 2008.

De seguido se entra nos asuntos incluídos na orde do día da presente convocatoria:

1^o .- PROPOSTA DE ADHESIÓN AO PROXECTO DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE PARA DESENVOLVER ACCIONS CONDUCENTES AO DESENVOLVEMENTO DE SOSTENTABLE, COA DENOMINACIÓN

DE NÚCLEOS DE SOSTIBILIDADE, AO ABEIRO DA ORDE DO 11 DE XUÑO POLA QUE SE CONVOCA E REGULA O RÉXIME DE CONCESIÓN DE AXUDAS DESTINADAS A CONCELLOS DE GALICIA PARA A IMPLANTACIÓN DUN NÚCLEO DE SOSTIBILIDADE NOS SEUS TERRITORIOS.-

Dáse conta da proposta da Alcaldía de data 23 de xullo de 2008 que transcrita literalmente di:

“PROPOSTA

Vista a Orde da Consellería de Medio Ambiente e desenvolvemento Sostible de data 11 de xuño de 2008 pola que se convoca e regula o réxime da concesión de axudas destinadas a concellos de Galicia para a implantación dun núcleo de sostibilidade nos seus territorios (D.O.G. núm. 118, de data 19 de xullo de 2008.

Considerando de interese para este Concello a implantación dun núcleo de sostibilidade.

Informado verbalmente por esta Secretaría de que segundo o artigo 2 da Orde citada para poder optar a axuda o acordo de admisión debe adoptarse polo acordo unánime do Pleno da Corporación, e non obstante o informado, a vista de que o prazo para formular a solicitude remata o día 19 de xullo de 2008.

Vista a Resolución da Alcaldía num 471/2008 de data 17 de xullo de 2008, que transcrita di:

“Vista a Orde da Consellería de Medio Ambiente e desenvolvemento Sostible de data 11 de xuño de 2008 pola que se convoca e regula o réxime da concesión de axudas destinadas a concellos de Galicia para a implantación dun núcleo de sostibilidade nos seus territorios (D.O.G. núm. 118, de data 19 de xullo de 2008.

Considerando de interese para este Concello a implantación dun núcleo de sostibilidade.

Informado verbalmente por esta Secretaría de que segundo o artigo 2 da Orde citada para poder optar a axuda o acordo de admisión debe adoptarse polo acordo unánime do Pleno da Corporación, e non obstante o informado, a vista de que o prazo para formular a solicitude remata o día 19 de xullo de 2008.

RESOLVO:

Primeiro.- Solicitar a adhesión deste Concello ao proxecto da Consellería de Medio Ambiente e desenvolvemento sostible para desenvolver accións conducentes ao desenvolvemento sostentable, coa denominación de núcleos de sostibilidade, adoptando, caso de ser incluído no citado proxecto este Concello, os seguintes compromisos:

- Levar a boa fin a implantación neste Concello dun núcleo de sostibilidade contando coa colaboración da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible.
- Colaborar na elaboración da Axenda Local 21 e da Axenda 21 escolar, así como facilitar e promocionar no Concello a participación pública neste proceso.
- Crear e financiar unha axencia local de sostentabilidade, mediante oferta pública de emprego para proceder á selección dun titulado superior.

Segundo.- Someter a eficacia do acordado no apartado primeiro da presente resolución á condición suspensiva da súa ratificación polo Pleno da Corporación por acordo adoptado por unanimidade.

Terceiro.- Manifestar que o Pleno da Corporación en sesión ordinaria celebrada en data 3 de xullo de 2008 acordou adherirse á Carta de Aalborg +10.

Cuarto.- Remitir certificación do presente acordo á Consellería de Medio Ambiente e desenvolvemento sostible.”

PROPONSE AO PLENO DA CORPORACION A ADOPCION DO SEGUINTE ACORDO:

Ratificar a resolución da Alcaldía num 471/2008 de data 17 de xullo de 2008, e en consecuencia:

Primeiro.- Solicitar a adhesión deste Concello ao proxecto da Consellería de Medio Ambiente e desenvolvemento sostible para desenvolver accións conducentes ao desenvolvemento sostentable, coa denominación de núcleos de sostibilidade, adoptando, caso de ser incluído no citado proxecto este Concello, os seguintes compromisos:

- Levar a boa fin a implantación neste Concello dun núcleo de sostibilidade contando coa colaboración da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible.
- Colaborar na elaboración da Axenda Local 21 e da Axenda 21 escolar, así como facilitar e promocionar no Concello a participación pública neste proceso.
- Crear e financiar unha axencia local de sustentabilidade, mediante oferta pública de emprego para proceder á selección dun titulado superior.

Segundo.- Someter a eficacia do acordado no apartado primeiro á condición suspensiva da súa ratificación polo Pleno da Corporación por acordo adoptado por unanimidade.

Terceiro.- Manifestar que o Pleno da Corporación en sesión ordinaria celebrada en data 3 de xullo de 2008 acordou adherirse á Carta de Aalborg +10.

Cuarto.- Remitir certificación do presente acordo á Consellería de Medio Ambiente e desenvolvemento sostible.

Non producíndose intervencións e sometido o asunto pola Presidencia a votación ordinaria, a Comisión Informativa de Desenvolvemento Territorial acorda por unanimidade dos/das Sres/as Concelleiros/as asistentes á sesión ditaminar favorablemente a proposta da Alcaldía de data 23 de xullo de 2008 que devén en ditame nos termos anteriormente transcritos.”

Non producíndose debate, polo Sr. Alcalde-Presidente sométese a votación ordinaria o ditame da Comisión Informativa de Desenvolvemento Territorial de data 24 de xullo de 2008, sendo aprobado por unanimidade dos Sres/as Concelleiros/as asistentes á sesión.

Á vista do resultado da votación, declarase aprobado o ditame, da Comisión Informativa de Desenvolvemento Territorial de data 24 de xullo de 2008, que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

2º.- APROBACIÓN DEFINITIVA PLAN ESPECIAL DE EQUIPAMIENTO EN SOLO RÚSTICO PARA ORDENACIÓN DUNHA DOTACIÓN ASISTENCIAL.-

Dáse conta da proposta da Alcaldía de data 23 de Xullo de 2008 que transcrita, di:

“PROPOSTA

Visto o expediente relativo ao Plan Especial de Equipamento en solo rústico para a ordenación dunha dotación asistencial en Rego da Moa-Fene.

Resultando que en data 14 de febreiro de 2007 por Resolución da Alcaldía núm. 104/2007 acordouse aprobar inicialmente o PLAN ESPECIAL DE EQUIPAMENTO EN SOLO RÚSTICO PARA A ORDENACIÓN DUNHA DOTACIÓN ASISTENCIAL, en Rego da Moa-Fene, promovido por Centro Geriátrico y Asistencial Los Hexágonos, S.L., redactado polo Arquitecto Don ángel Luis Monteoliva Díaz de data 24 de novembro de 2006.

Resultando que en data 7 de marzo de 2007 publicouse no D.O.G. núm. 47 anuncio de exposición pública.

Resultando que en data 7 de marzo de 2007 publicouse o anuncio no “Diario de Ferrol, e en data 8 de marzo de 2007 no xornal “La Voz de Galicia.

Resultando que durante o período de exposición pública comprendido entre o 8 de marzo e o 9 de abril de 2007 non se presentaron alegacións.

Atendido que en data 1 de outubro de 2007 pola Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, Dirección Xeral de Urbanismo remítese informe previo á aprobación definitiva relativo ao Plan especial no que, entre outras cousas sinálase que: *“...En consecuencia emítase informe desfavorable sobre o Plan especial de equipamento en solo rústico para a ordenación dunha dotación asistencial en Rego da Moa, do Concello de Fene (A Coruña), debendo subsanarse as deficiencias observadas. Logo dos trámites oportunos e inmediatamente antes da súa aprobación definitiva, deberá solicitarse novo informe preceptivo e vinculante desta Consellería, en virtude do establecido no artigo 86.1 d) da Lei 9/2002.”*

Resultando que en data 1 de febreiro de 2008, por D. Elias Paz Álvarez presentaronse catro exemplares do Plan Especial de equipamento en solo rústico para a ordenación dunha dotación asistencial en Rego da Moa/Fene.- Documento corrixido para aprobación definitiva/xaneiro 2008 redactado polo Arquitecto Don Angel Luis Monteoliva Díaz e visado polo COAG en data 29 de xaneiro de 2008.

Resultando que en data 6 de marzo de 2008 a Xunta de Goberno Local aprobou provisionalmente o “PLAN ESPECIAL DE EQUIPAMENTO EN SOLO RÚSTICO PARA A ORDENACIÓN DUNHA DOTACIÓN ASISTENCIAL EN REGO DA MOA/FENE-DOCUMENTO CORRIXIDO PARA APROBACIÓN DEFINITIVA/XANEIRO 2008”, redactado polo arquitecto D. Angel Luis Monteoliva Díaz e visado polo C.O.A.G. con data 29 de xaneiro de 2008, promovido por “Centro Xeriátrico y Asistencial Los Hexágonos S.L.” e remitir un exemplar dilixenciado de aprobación provisional á Delegación provincial da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, Servizo de Urbanismo e Inspección Territorial, para os efectos do informe preceptivo.

Visto o escrito da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, Dirección Xeral de Urbanismo, de data 25 de xuño de 2008 (registro de entrada núm. 7173/2008 do 27 de xuño) achega informe favorable ao Plan especial para equipamento en Rego da Moa, do Concello de Fene (A Coruña), no que sinálase: *“...debendo subsanarse as deficiencias observadas no apartado 2 con anterioridade á súa aprobación definitiva. Logo desta, darase cumprimento ao disposto no artigo 92.3 da Lei 9/2002, do 30 de decembro. A eficacia do acto*

de aprobación definitiva e a entrada en vigor do instrumento de planeamento aprobado quedan condicionadas ao cumprimento do disposto neste artigo”.

Visto que en data 14 de xullo de 2008, (registro xeral de entrada núm. 7824/08) por D. Elias Paz Álvarez se presentan catro exemplares do Plan Escial de Equipamento en solo rústico para a ordenación dunha dotación asistencia. Documento Final/xullo 2008.

Visto o Informe do Enxeñeiro de Camiños Municipal D. Lino Ameneiro Seijo de data 15 de xullo de 2008 no que se sinala que: “...O Plan Especial da ref. K) axústase á condición de protección perimetral da área de edificación requerida polo informe do director Xeral de Urbanismo e, en consecuencia cumpre as condicións técnico-urbanísticas para a súa aprobación”.

Visto o disposto nos artigos 86, 89.2 e 92 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia,

PROPONSE AO PLENO DA CORPORACIÓN A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO

Primeiro.- Aprobar definitivamente o “PLAN ESPECIAL DE QUIPAMENTO EN SOLO RÚSTICO PARA A ORDENACIÓN DUNHA DOTACIÓN ASISTENCIAL EN REGO DA MOA/CONCELLO DE FENE-DOCUMENTO FINAL, redactado polo Arquitecto D. Ángel Luis Monteoliva Díaz , de data xullo de 2008, promovido por Centro Geriátrico y Asistencial Los Hexágonos, S.L., obrante no expediente.

Segundo.- Publicar o presente acordo de aprobación definitiva no diario Oficial de Galicia e o documento que conteña a normativa e as ordenanzas, no Boletín Oficial da Provincia.

Terceiro.- Notificar o presente acordo aos interesados.

Cuarto.- De conformidade co disposto no artigo 92.3 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, remitir certificación do presente acordo á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transporte, xunto con unha copia autenticada de dous exemplares do instrumento aprobado definitivamente con tdoos planos e documentos que integran o plan sobre o que recae o presente acordo de aprobación definitiva debidamente dilixenciados pola Secretaria do Concello.

Quinto.- Determinar que contra o presente acordo, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous (2) meses conforme ao artigo 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdiccion contencioso-administrativa. Poderá non obstante, con carácter previo e potestativo recurso de reposición ante o mesmo organo que ditou o presente acordo de conformidade co artigo 116 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Rexime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo comun no prazo de un (1) mes.”

Non producíndose intervencións, e sometido pola Presidencia o asunto a votación ordinaria, a Comisión Informativa de Desenvolvemento Territorial, por unanimidade dos/as Sres/as Concelleiros/as asistentes á sesión, acorda ditaminar favorablemente a proposta da Alcaldía de data 23 de xullo de 2008 que devén en ditame nos termos anteriormente transcritos, e propoñer ao Pleno da Corporación a súa aprobación.”

Non producíndose debate, polo Sr. Alcalde-Presidente sométese a votación ordinaria o ditame da Comisión Informativa de Desenvolvemento Territorial de data 24 de xullo de 2008, sendo aprobado por unanimidade dos Sres/as Concelleiros/as asistentes á sesión.

Á vista do resultado da votación, declarase aprobado o ditame, da Comisión Informativa de Desenvolvemento Territorial de data 24 de xullo de 2008, que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

3º.- ACORDO DE COOPERACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA E OS CONCELLOS DE FENE E CABANAS PARA O DESENVOLVEMENTO DE REDES DE TELECOMUNICACIÓN S EN FÍOS DE ACCESO Á INTERNET DE BANDA LONGA EN POLÍGONOS INDUSTRIAIS OU PARQUES EMPRESARIAIS, NO MARCO DO PLANO ESTRATÉXICO GALEGO DA SOCIEDADE DA INFORMACIÓN, AO ABEIRO DO DECRETO 246/1992, DO 30 DE XULLO.-

Dáse conta da proposta da Alcaldía de data 22 de xullo de 2008 que transcrita di:

“PROPOSTA

Vista a Orde do 4 de febreiro de 2008 pola que se regulan as condicións para a elaboración dunha prelación, en réxime de concorrencia competitiva, dos polígonos industriais ou parques empresariais nos concello solicitantes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que esta Consellería vai proceder ao desenvolvemento de redes de telecomunicacións sen fíos de acceso á internet de banda larga, no marco do Plan Estratéxico Galego da Sociedade da Información (Decreto 246/1992, do 30 de xullo).

Vista a Resolución do 23 de maio pola que se procede á publicación da prelación, en réxime de concorrencia competitiva, dos polígonos industriais ou parques empresariais seleccionados nos concellos solicitantes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que a Consellería de Innovación e Industria vai a proceder ao desenvolvemento de redes de telecomunicacións sen fíos de acceso á internet de banda larga, no marco do Plano Estratéxico Galego da Sociedade da Información(publicada no D.O.G. 108, de data 5 de xuño de 2008)

PROPONSE AO PLENO DA CORPORACION A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

Primeiro.- Aprobar o acordo de cooperación entre a Consellería de Innovación e Industria e os Concellos de Fene e Cabanas para o desenvolvemento de redes de telecomunicacións sen fíos de acceso á Internet de banda larga en polígonos industriais ou parques empresariais, no marco do Plano Estratéxico Galego da Sociedade da Información, ao amparo do Decreto 246/1992, do 30 de xullo.

Segundo.- Remitir certificación do presente acordo á Consellería de Innovación e Industria.”

Aberto o debate (.../...)

Rematado o debate, a Comisión Informativa de Facenda e Promoción Económica en votación ordinaria acorda por unanimidade dos/as Sres/as Concelleiros/as asistentes á sesión ditaminar favorablemente a proposta da Alcaldía de data 22 de xullo de 2008 que devén en ditame nos términos anteriormente transcritos.”

Non producíndose debate, polo Sr. Alcalde-Presidente sométese a votación ordinaria o ditame da Comisión Informativa de Facenda e Promoción Económica de data 24 de xullo de 2008, sendo aprobado por unanimidade dos Sres/as Concelleiros/as asistentes á sesión.

Á vista do resultado da votación, declarase aprobado o ditame, da Comisión Informativa de Facenda e Promoción Económica de data 24 de xullo de 2008, que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

4º.- PROPOSTA MODIFICACIÓN ORDENANZAS FISCAIS.-

Dáse conta da proposta da Alcaldía de data 21 de Xullo de 2008 que transcrita, di:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

“ASUNTO.- MODIFICACION DAS ORDENANZAS FISCALES Nº 2 REGULADORA DA TAXA POLA UTILIZACION DAS INSTALACIONES DEPORTIVAS E CULTURAIAS MUNICIPAIS ASÍ COMO POLA PRESTACION DE SERVICIOS SOCIOCULTURAIAS, DEPORTIVOS E DE LECER, Nº 7 REGULADORA DA TAXA POLA SUMINISTRACION DE AUGA, Nº 17 REGULADORA DA TAXA POLO SERVICIO DE SANEAMENTO E Nº 18 REGULADORA DA TAXA POLA RECOLLIDA DE RESIDUOS SOLIDOS URBANOS, TRATAMENTO E ELIMINACION DOS MESMOS

En relación co expediente de modificación das ordenanzas fiscales nº 2 reguladora da taxa pola utilización das instalacións deportivas e culturais muunicipais, así como pola prestación de servizos socioculturais, deportivos e de lecer, ordenanza nº 7 reguladora da taxa pola administración de auga, nº 17 reguladora da taxa polo servizo de saneamento e nº 18 reguladora da taxa pola recollida de residuos sólidos urbanos, tratamento e eliminación dos mesmos, e visto o informes emitidos pola Intervención municipal con data de 15 e 17 de xullo de 2008, pola Alcaldía de conformidade co establecido no artigo 16.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, propónse ó Pleno, previo dictame da Comisión Informativa de Contas e Facenda, a seguinte proposta de acordo:

Primeiro.- Aprobar provisionalmente a modificación das ordenanzas fiscales nº 2 reguladora da taxa pola utilización das instalacións deportivas e culturais muunicipais, así como pola prestación de servizos socioculturais, deportivos e de lecer, ordenanza nº 7 reguladora da taxa pola administración de auga, nº 17 reguladora da taxa polo servizo de saneamento e nº 18 reguladora da taxa pola recollida de residuos sólidos urbanos, tratamento e eliminación dos mesmos que se transcriben a continuación nos Anexos.

Segundo.- De acordo co previsto no art. 17 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, os acordos adoptados expóñanse ó público por un período de trinta días mediante anuncio inserto no boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos do concello, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen pertinentes. De non presentarse reclamación algunha contra os acordos adoptados, entenderanse definitivamente adoptados os acordos ata entón provisionais.”

Seguidamente dáse conta das providencias da Alcaldía de data 15 de xullo de 2008 sobre motivos xustificativos das ordenanzas seguintes:

“Co obxecto de proceder á **modificación da ordenanza nº 2 reguladora do “ taxa pola utilización das instalacións deportivas e culturais municipais así como pola prestación**

dos servicios socioculturais, deportivos e de lecer”, e tendo en conta que o artigo 15 e seguintes do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais establecen esta posibilidade, incoese polos servicios técnicos o expediente para levar a cabo a devandita modificación.

Os motivos que xustifican esta modificación radican na necesidade de regular o procedemento para proceder á aplicación das bonificacións da cota tributaria, en concreto o artigo 5º, establecendo os destinatarios, requisitos, etc.

Asimismo, e segundo a proposta da coordinadora deportiva municipal, a modificación que agora se propón pretende dar unha nova regulación ó sistema de bonos e entradas para a utilización libre das instalacións deportivas municipais nos seguintes termos:

- Cambiar a denominación de bono ou entrada diaria de nado libre pola de bono deporte e que deste modo se poida utilizar para baño libre na piscina e nos gimnasios tanto da piscina como do pavillón.
- Posibilitar que cun só bono se poida acceder libremente á instalación deportiva municipal desexada.
- Que o bono se regule polo número de usos suprimindo a temporalidade do mesmo.

Finalmente, indicar que se pretende a supresión da previsión de incremento do 5% das tarifas para as pesonas non empadronadas no concello así como introducir a regulación do procedemento para a devolución das tarifas nos supostos de non realización das actividades.”

“Co obxecto de proceder á **modificación da ordenanza nº 7 reguladora do “ taxa pola sumministración de auga**”, e tendo en conta que o artigo 15 e seguintes do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais establecen esta posibilidade, incóese polos servicios técnicos o expediente para levar a cabo a devandita modificación.

Os motivos que xustifican esta modificación radican na necesidade de regular o procedemento para proceder á aplicación das bonificacións da cota tributaria en función da capacidade económica do suxeito pasivo, en concreto o artigo 4º, establecendo os destinatarios, requisitos, , procedemento, etc.”

“Co obxecto de proceder á **modificación da ordenanza nº 17 reguladora do “ taxa polo servizo de saneamento**”, e tendo en conta que o artigo 15 e seguintes do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais establecen esta posibilidade, incóese polos servicios técnicos o expediente para levar a cabo a devandita modificación.

Os motivos que xustifican esta modificación radican na necesidade de regular o procedemento para proceder á aplicación das bonificacións da cota tributaria en función da capacidade económica do suxeito pasivo, en concreto o artigo 5º, establecendo os destinatarios, requisitos, , procedemento, etc.”

“Co obxecto de proceder á **modificación da ordenanza nº 18 reguladora do “ taxa pola recñollida de residuos sólidos urbanos, tratamento e eliminación dos mesmos**”, e tendo en conta que o artigo 15 e seguintes do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais establecen esta posibilidade, incóese polos servicios técnicos o expediente para levar a cabo a devandita modificación.

Os motivos que xustifican esta modificación radican na necesidade de regular o procedemento para proceder á aplicación das bonificacións da cota tributaria, en concreto o artigo 6º, establecendo os destinatarios, requisitos, procedemento, etc.”

Aberto o debate (.../...)

Rematado o debate, a Comisión Informativa de Facenda e Promoción Económica en votación ordinaria acorda por unanimidade dos/as Sres/as Concelleiros/as asistentes á sesión ditaminar favorablemente a proposta da Alcaldía de data 24 de xullo de 2008 e as

providencias da Alcaldía de data 15 de xullo de 2008 que devén en ditame nos termos anteriormente transcritos.”

Non producíndose debate, polo Sr. Alcalde-Presidente sométese a votación ordinaria o ditame da Comisión Informativa de Facenda e Promoción Económica de data 24 de xullo de 2008, sendo aprobado por unanimidade dos Sres/as Concelleiros/as asistentes á sesión.

Á vista do resultado da votación, declarase aprobado o ditame, da Comisión Informativa de Facenda e Promoción Económica de data 24 de xullo de 2008, que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

5º.- APROBACIÓN DECLARACIÓN DE ANTEQUERA ASAMBLEA CONSTITUINTE DA “RED ESTATAL POR LOS PRESUPUESTOS PARTICIPATIVOS”.-

Dáse conta da proposta da Alcaldía de data 31 de xullo de 2008 que transcrita literalmente di:

“PROPOSTA

Vista Declaración de Antequera de data 4 de xullo de 2008 que traducida ao galego e transcrita di:

“DECLARACIÓN DE ANTEQUERA ASEMBLEA CONSTITUÍNTE DA “RED ESTATAL POR LOS PRESUPUESTOS PARTICIPATIVOS”

Reunidos en Antequera os e as representantes das diferentes Entidades Locais territoriais presentes, acordamos constituír a Red Estatal por los Presupuestos Participativos e declaramos que:

1. Apostamos pola Democracia Participativa como nova forma de goberno que se fundamenta no desenrolo de procesos participativos a través dos cales a cidadanía recupere o espazo público e desenrole as súas propias ferramentas e estratexias para intervir no entorno que a rodea.
2. Tendo en conta os límites dos instrumentos da democracia representativa, consideramos que é necesario impulsar novas formas de xestión participativa que fortalezan á cidadanía e ás institucións públicas. O orzamento participativo debe ser unha ferramenta útil para acadar o empoderamento económico, político, social e cultural da cidadanía, en particular dos sectores sociais máis excluídos, fomentando a participación destes e a súa capacidade de decisión sobre asuntos municipais. Os orzamentos participativos terán de ser unha ferramenta para a inclusión social.
3. Entendemos que uns orzamentos participativos así concibidos deben incluír como mínimo os seguintes criterios:
 - Autorregulamentado.
 - Vinculante.
 - Universal: unha muller, un home, un voto.
 - Sistema de seguimento, control social do proceso e rendición de contas.
 - Deliberativo.
4. Comprometémonos coa promoción e defensa do público a partir do fomento dos procesos de participación na xestión pública.

5. Consideramos necesario o fomento da cooperación descentralizada e o traballo en redes internacionais para a promoción da gobernabilidade democrática na articulación necesaria entre o local e o global.
6. Así mesmo consideramos necesario a coordinación con outras redes municipais que teñen o compromiso de fomentar unha cultura participativa da xestión pública no desenrolo da cidade.
7. Nos comprometemos a crear ferramentas que favorezan o aprendizaxe colectivo, impulsando a multiplicación e diversidade das experiencias como unha das súas maiores potencialidades, fomentando a capacitación dos distintos actores que interveñen nos procesos (cargos públicos, persoal técnico, cidadanía...).
8. Nos comprometemos a fomentar unha nova cultura participativa que camiñe cara á construción de estratexias para a planificación e xestión participativo do territorio.
9. Nos comprometemos a fomentar a posta en marcha de orzamentos participativos universais, vinculantes e autorregulamentados nos municipios e xerar os espazos necesarios de encontro, debate e coordinación entre estes.”

PROPONSE AO PLENO DA CORPORACIÓN A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

Aprobar a declaración de Antequera na asemblea constituínte da “Red Estatal por los Presupuestos Participativos”, e adherirse á mesma.”

Non producíndose intervencións e sometido o asunto pola Presidencia a votación ordinaria, a Comisión Informativa de Organización e Seguridade acorda por unanimidade dos/das Sres/as Concelleiros/as asistentes á sesión ditaminar favorablemente a proposta da Alcaldía de data 31 de xullo de 2008 que devén en ditame nos termos anteriormente transcritos.””

Non producíndose debate, polo Sr. Alcalde-Presidente sométese a votación ordinaria o ditame da Comisión Informativa de Organización e Seguridade de data 4 de agosto de 2008 , sendo aprobado por unanimidade dos Sres/as Concelleiros/as asistentes á sesión.

Á vista do resultado da votación, declarase aprobado o ditame, da Comisión Informativa de Organización e Seguridade de data 4 de agosto de 2008 que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.””

Neste momento se incorpora a la sesión plenaria o concelleiro Sr. Noceda Carballo.

6º.- INGRESO NA “RED ESTATAL POR LOS PRESUPUETOS PARTICIPATIVOS.-

Dáse conta da proposta da Alcaldía de data 31 de xullo de 2008, que transcrita literalmente dí:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA.

Vistos os Estatutos da “Re Estatal por los presupuestos participativos”,

PROPONSE AO PLENO DA CORPORACIÓN A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

Ingresar na “Red Estatal por los Presupuestos Participativos” e participar cunha achega municipal de MIL (1.000 €) euros anuais.”

Sometido o asunto pola Presidencia a votación ordinaria, a Comisión Informativa de Organización e Seguridade acorda por unanimidade dos/das Sres/as Concelleiros/as asistentes á sesión ditaminar favorablemente a proposta da Alcaldía de data 31 de xullo de 2008 que devén en ditame nos termos anteriormente transcritos.

Non producíndose debate, polo Sr. Alcalde-Presidente sométese a votación ordinaria o ditame da Comisión Informativa de Organización e Seguridade de data 4 de agosto de 2008, sendo aprobado por unanimidade dos Sres/as Concelleiros/as asistentes á sesión.”

Á vista do resultado da votación, declarase aprobado o ditame da Comisión Informativa de Organización e Seguridade de data 4 de agosto de 2008 que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Galego Feal quen, unha vez concedido, manifesta que están de acordo cos puntos 5º e 6º da orde do día que son votados favorablemente, pero que en relación co co punto 7º non era este o momento oportuno ó entender do grupo do Partido Popular.

O punto 7º da orde do día da convocatoria correspondente á "PROPOSTA PARA A POSTA EN MARCHA DOS ORZAMENTOS PARTICIPATIVOS EN FENE.", se retira, polo Sr. Alcalde-Presidente tal e como consta ao inicio da sesión plenaria.

8º.- PROPOSTA DE ASINACIÓN DE CANTIDADES A PERCIBIR POR ASISTENCIA A ÓRGANOS COLEXIADOS.

Dáse conta da proposta da Alcaldía de data 31 de xullo de 2008, que transcrita literalmente dí:

“Visto o disposto no punto 2º da Base 62ª das de Execución do Orzamento, aprobadas inicialmente polo Concello Pleno en sesión celebrada o día 17 de xullo de 2008, na que se recolle que os membros da Corporación que non desempeñen as súas funcións en réxime de dedicación exclusiva ou parcial, terán dereito a percibir unha asignación pola preparación de asuntos e asistencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados.

Visto o informe da Interventora accidental nº 323/2008, de trinta e un de xullo,

PROPONSE

Primeiro.- Apobar, para os membros da Corporación que non desempeñen as súas funcións en réxime de dedicación exclusiva ou parcial, as seguintes asignacións pola preparación de asuntos e asistencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados:

- | | |
|---|----------------------|
| - Por asistencia efectiva a Xunta de Delegados: | 336,07 euros/sesión. |
| - Por asistencia efectiva á Xunta de Goberno Local: | 25,00 euros/sesión. |
| - Por asistencia efectiva á Xunta de Voceiros: | 25,00 euros/sesión. |

Segundo.- A aplicación do acordo, en calquera caso, quedará condicionado á aprobación definitiva do orzamento para o exercizo 2008, aprobado inicialmente o 17 de xullo de 2008.”

Aberto o debate o Sr. Noceda Carballo despois de facer unha ampla exposición da proposta, manifesta que se podría engadir unha emenda e concretar xa no Pleno e fixar o día de reunión da Xunta de Voceiros en data unhas semanas con anterioridade á data de celebración do Pleno Ordinario.

Sometido o asunto pola Presidencia a votación ordinaria, a Comisión Informativa de Organización e Seguridade acorda por unanimidade dos sres/sras asistentes, ditaminar favorablemente a proposta da Alcaldía de data 31 de xullo de 2008, que debén en ditame, engadindo a emenda de concretar unha data en días anteriores ó Pleno Ordinario a celebrar pola Corporación Municipal para a celebración da reunión da Xunta de Voceiros. ”

Á vista do resultado da votación, declarase aprobado o ditame da Comisión Informativa de Organización e Seguridade de data 4 de agosto de 2008 que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

9º.- PREVIA RATIFICACIÓN DA SÚA INCLUSIÓN NA ORDE DO DÍA, MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG RELATIVA AO ACCIDENTE DA FRAGATA “EXTREMADURA” E ACORDOS COMPLEMENTARIOS.-

Seguidamente intervén o Sr. Alcalde-Presidente e manifesta que dado que o asunto non pasou por ningunha comisión informativa e non está ditaminado en primeiro lugar cabe pronunciarse có disposto no artigo 82.3 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro sométese a votación ordinaria a ratificación da inclusión do asunto na orde do día, sendo ratificada por unanimidade.

Aberto o debate pide o uso da palabra o Sr. Polo Gundin que, unha vez concedido, manifesta que esta moción de ser aprobada quere que sexa como unha moción do Pleno, non soamente do grupo do Bloque Nacionalista Galego, senón que sexa unha moción do pleno da Corporación Municipal, xa que o tema supera o ámbito dos dereitos humanos e fundamentais a vivir nun estado onde a claridade ten que estar por enriba de todo. E deste xeito se traladase a mesma ó Ministerio de Defensa e ás familias.

Fai unha breve exposición dos motivos que xa ven contidos na moción, a actitude do Ministerio de Defensa que evita posicionarse no caso, e a apertura dun expediente disciplinario ao cabo ferrolán Jorge Gago, que é unha testemuña clave no proceso xudicial aberto como consecuencia da explosión dunha caldeira na Fragata Extremadura pertencente á armada española, provocando a morte de dous dos seus tripulantes.

Continua a súa intervención o Sr. Polo Gundin manifestando que entende que a Defensa como parte da administración pública debe rexerse polos principios de servizo, transparencia e responsabilidade, que a disciplina militar non pode ser obediencia cega á xerarquía, subordinación a crítica e o mando autoritario despótico, que as forzas armadas non poden ficar á marxe dos dereitos e deberes que teñen o resto de cidadáns e as administracións públicas.

Seguidamente o Sr. Polo Gundin, fai a exposición de motivos da moción, que transcrita literalmente dí:

“Exposición de Motivos:

O 19 de decembro do ano 2005, explotaba unha caldeira na Fragata “Extremadura” pertencente á armada española, provocando á morte de dous dos seus tripulantes. Os mozos galegos, Francisco Javier Pérez Castrillón e Eric Noval Gómez.

Nas respostas do Goberno ás preguntas por escrito formuladas polo BNG en diversas ocasións no Congreso dos Deputados nunca se despexaron todas as dúbidas respecto ao accidente e ao estado da embarcación. En concreto nunca se aclarou porque nunca se evacuou a fragata á hora do accidente, nen tampouco as cuestións relacionadas coa temperatura da caldeira nos momentos previos ao suceso, que sempre quedaron abertas.

Somos coñecedores que existen testemuñas que sosteñen que nas horas previas ao accidente se detectaron niveis de contaminación por cloro moi superiores aos niveis permitidos e que incluso se advertiu desta circunstancia aos mandos da fragata. Cabe a hipótese, polo tanto, de que a causa da explosión puidese estar no quentamento excesivo da caldeira de popa que posteriormente explotou.

Entre estas testemuñas atopase o ferrolán Jorge Gago, que viu como a súa contribución esencial á clarificación dos feitos e á posibilidade real de facer xustiza foi respondida coa apertura dun expediente disciplinario.

A actitude do Ministerio de Defensa é cando menos sorprendente pois evita posicionarse escudándose na situación de “pendente de resolución xudicial” do caso e, ao mesmo tempo, ábrelle un expediente disciplinario ao cabo ferrolán Jorge Gago, unha testemuña clave neste proceso, o que pode chegar a entenderse como unha inxerencia que busca transmitir a mensaxe de obediencia e o silencio.

Entendemos que a Defensa como parte da administración pública debe rexerse polos principios de serviso, transparencia e responsabilidade. A disciplina militar non pode ser obediencia cega á xerarquía, subordinación acritica e o mando autoritario despótico. As Forzas Armadas non poden ficar á marxe dos dereitos e deberes que teñen o resto de cidadáns e as administracións públicas.

Asimesmo, e xa que o día de hoxe moitos mozos e mozas de Galiza recorren ao ingreso nas Forzas Armadas, como saída laboral, merecen unha consideración, como cidadáns e traballadores, propia dun estado democrático.

Por este motivo o grupo municipal do BNG propón a adopción dos seguintes ACORDOS:

1.- O Pleno do Concello acorda instar ao Ministerio de Defensa a que proceda a realización dunha investigación seria e rigurosa que esclareza as causas do accidente da Fragata “Extremadura”.

2.- O Pleno do Concello acorda instar ao Ministerio de Defensa á retirada do expediente disciplinario aberto contra o Cabo Jorge Miguel Gago Chao.”

Intervén o Sr. Alcalde –Presidente e manifesta que se procederá a debater a moción.

A continuación pide a palabra o Sr. Galego Feal quen, unha vez concedido, manifesta que os feitos expostos na moción, con independencia da súa gravidade, non son de competencia municipal.

Que o funcionamento das institucións do Estado non pode estar influenciado por unha decisión do Concello. Moitas veces as institucións do Estado teñen funcionamentos anómalos; pero iso non xustifica a interferencia de outras administracións. Este asunto non é competencia do Pleno. O Grupo Municipal do Partido Popular se vai abster na votación. Se hai aberta unha investigación, a autoridade xudicial xa está actuando. Se non existió a falta disciplinaria, o Ministerio de Defensa, tamén se pronunciará.

A continuación pide a palabra o Sr. Sánchez Martínez quen, unha vez concedida, manifesta que está a favor das dúas cousas que se piden, E que nun país democrático como é o noso, é o menos que se pode pedir, que se esclarezcan as causas do accidente.

A continuación pide a palabra o Sr. Alcalde-Presidente que, unha vez concedida, manifesta que comparte a moción respecto a que se aclaren tanto as causas do accidente, como a situación disciplinaria do cabo Jorge Gago, pero que o accidente da Fragata "Extremadura" está nestos momentos pendente dun proceso nos tribunais, e non procede pronunciamentos nin interferencias nas actuacións que están en proceso xudicial.

A continuación pide a palabra o Sr. Polo Gundin que, unha vez concedida, volve a insistir no contido da moción, fai un resumo da exposición de motivos e remata a súa intervención pedíndo o Pleno do Concello que acorde instar ao Ministerio de Defensa a que proceda á realización dunha investigación seria e rigurosa que esclareza as causas do accidente da Fragata "Extremadura", así como a retirada do expediente disciplinario aberto contra o Cabo Jorge Miguel Gago Chao.

Rematado o debate, polo Sr. Alcalde-Presidente sométese a votación ordinaria a Moción do Bloque Nacionalista Galego sobre o accidente da Fragata "Extremadura" co seguinte resultado.

Votos a favor sete (7) dos/as señores/as Couto Seijido, Polo Gundín, Vigo López, Roca Requeijo, Pico Sanmartin, Sánchez Martínez e Rodríguez Carballeira.

Votos en contra ningún.

Abstencións dez (10) dos/as señores/as Galego Feal, Bértoa Puente, Franco Casal, Fornos Corral, Puentes Rivera, Noceda Carballo, José Antonio López Rodríguez, Silvar Canosa, Manuel López Rodríguez e García Balado.

Á vista do resultado da votación declárase aprobada a Moción do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego sobre o accidente da Fragata "Extremadura".

10º.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.

Dáse conta das Resolucións da Alcaldía comprendidas entre os números 432 de 30 de xuño de 2008 e 510 de 31 de xullo de 2008 ambas as dúas incluídas.

11º.- MOCIÓNS URXENTES.-

MOCIÓN SOBRE DA AP-9 ENTRE FERROL-PONTEDEUME.

Xustificación da urxencia

A estrada N-651 da servizo entre Ferrol e Pontedeume a atravesa os Concellos de Fene e Cabanas, e unha vía urbana, na que se producen atoamentos habituas en determinadas horas do día, especialmente no verán., sendo necesario a adopción de medidas. Co obxectivo de evita esta situación o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego presente esta moción para o seu debate no Pleno deste Concello de Fene.

Exposición de motivos

A estrada N-651 da servizo entre Ferrol e Pontedeume e atravesa os concellos de Fene e Cabanas. O desenvolvemento urbano destes catro concellos fai que esta vía sexa, a día de hoxe e case na súa totalidade, unha vía **urbana** e, polo tanto, con múltiples limitacións de 50 qm/h, por motivos de seguridade viaria, e, asemade, con atoamentos habituais en determinadas horas do día, especialmente no verán.

Mais esta situación é especialmente grave entre Pontedeume e Cabanas, xa que a **ponte** que cruza o Eume non abonda para absorber o tráfico e, neste punto concreto, os **atascos** son constantes, reproducíndose a situación anterior á entrada en servizo da autoestrada AP-9. A súa ampliación, imposíbel pola situación, volvería a covnerter a Pontedeume nun funil, e a construción doutra ponte no ría eume para aliviar o tráfico actual non é viábel polo seu impacto ambiental negativo.

A **única solución** factíbel e inmediate é o **levantamento das peaxes** da autoestrada AP-9, pasando a ser gratuíta entre Ferrol e Pontedeume, e dotar a este concello dun novo acceso no lugar de Andrade, actuacións conxuntas que terían un impacto positivo e evitarían seguir facendo de Pontedeume un colapso permanente de tráfico.

É importante destacar que o **novo acceso** xa é un **vello compromiso** das Administracións Públicas: o 24 de Febreiro de **1993**, o Presidente de Audasa dirixíase por escrito ao Alcalde para "... confirmarlle a disposición desta Empresa de dotar a Pontedeume dun enlace, na zona do previsto polígono industrial de Vidreiro, coa Autoestrada do Atlántico, A-9, treito Fene-Guísamo", e, nesa mesma data, o daquela Secretario Xeral para as Infraestructuras do Transporte Terrestre do Ministerio de Obras Públicas e Transportes, hoxe Presidente da Xunta de Galiza, sr. Pérez Touriño, tamén se dirixía por escrito ao Alcalde para reafirmar a disposición de Audasa. Por outra banda, o citado acceso xa acadou o **apoio** no Parlamento Galego logo de que o BNG prsentase no ano **2007** unha Proposición Non de Lei.

Polo exposto con anterioridade, e considerando que a **solución** enunciada **beneficia** non só aos concellos directamente afectados (Ferrol, Fene, Cabanas e Pontedeume), se non tamén aos do entorno (Monfero, Vilarmaior, A Capela, As Pontes, Mugardos, Ares, Neda, Narón, ...) e, en definitiva, ao conxunto das comarcas **de Ferrol, Eume e Ortegal**, o Grupo Municipal do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO** propón ao Pleno do Concello adoptar os seguintes

ACORDOS

1.- Demandar da Xunta de Galiza o inicio de negociacións co Goberno do Estado co obxectivo de liberar as peaxes entre Fene e Pontedeume.

2.- **Instar** á Xunta de Galiza, de acordo co aprobado no Parlamento Galego en xuño do 2007, a dirixirse ao Goberno do Estado para que retome as xestións e os compromisos acadados e se proceda a realizar un novo acceso á autoestrada AP-9 no concello de Pontedeume, no lugar de Andrade.

Aberto o turno de intervencións pide o uso da palabra o Sr. Polo Gundín que, unha vez concedido, defende a urxencia e o contido da moción

A continuación, pide o uso da palabra o Sr. Galego Feal que, unha vez concedido, manifesta que esta solución tampouco vai a ser o remedio exclusivo, e que van a votar a favor a moción.

De seguido, pide o uso da palabra o Sr. Sánchez Martínez, que tamén vota a favor da moción.

Rematadas as intervencións, polo Sr. Alcalde-Presidente sométese a votación ordinaria a Moción presentada polo Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego de data 5 de agosto de 2008, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: dezasete (17) dos/as señores/as Couto Seijido, Polo Gundín, Vigo López, Roca Requeijo, Pico Sanmartín, Sánchez Martínez, Rodríguez Carballeira, Galego Feal, Bértoa Puente, Franco Casal, Fornos Corral, Puentes Rivera, Noceda Carballo, José Antonio López Rodríguez, Silvar Canosa, Manuel López Rodríguez e García Balado.

Á vista do resultado da votación declárase aprobada por unanimidade a Moción do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego sobre a AP-9 entre Ferrol-Pontedeume.

12º.- ROGOS E PREGUNTAS.

A continuación, pide o uso da palabra o Sr. Galego Feal que, unha vez concedido, manifesta que desde o partido Popular queren facer varios rogos e varias preguntas. Dí que hai unha partida orzamentaria que non se gastou para a RPT (Relación de Postos de Traballo) e que unha vez aprobado o orzamento é hora de que ese tema xa se poña a andar.

Continua o Sr. Galego Feal a súa intervención, en relación co asunto que foi tratado na Comisión de Persoal na que se deu conta do axuste de funcións de polo menos 3 traballadores do Concello, e dí que estas reclamacións teñen que ser estudadas no momento da redacción da RTP; está tamén o problema dunha empregada de axuda no fogar, que hai que libera-la do seu posto actual e poñe-la en outro máis acorde coa situación na que se encontra e a súa enfermidade.

Continua a súa intervención o Sr. Galego Feal e pregunta polos problemas que houbo en varias parroquias cos permisos das festas patronais e cos fogos artificiais, concretamente, houbo unha reunión sobre este tema e pregunta si Barallobre contaba con permisos para esas festas.

Continua o Sr. Galego Feal a súa intervención en pregunta polas tarefas nos centros de ensino, e pide se informe das melloras que son necesarias nos Centros de Ensino.

Continua preguntando o Sr. Galego Feal ¿Porqué non se solicitan as subvencións que para os Concellos da a Deputación Provincial? Concretamente a que vence o día 13, para Centros de Día, Vivendas Comunitarias, etc.

Continua a súa intervención o Sr. Galego Feal cun rogo, que é o tema da N-VI, a situación na que Fomento a deixado o escalón lateral, os accidentes que está causando e a situación de perigosidade que está a xenerar. Se pintó de obra, pero é que as obras podían haberse executado por tramos, e dese xeito, non habería necesidade de ningún escalón lateral que tantos problemas está causando. Tamén está a situación de mantemento da Ponte das Pías.

Continua o Sr. Galego Feal sobre os contenedores na Avda Marqués de Figueroa, e resalta que poden causar accidentes; o desbroce de cunetas, de todos é sabido que hai carencia de medios e de persoal; dende o Partido Popular se pretende darlle preferencia por exemplo al desbroce e limpeza de cunetas e non gastar 15.000 euros en presupostos participativos.

Continua o Sr. Galego Feal facendo un rogo, que é o de axilizar a compra dun tractor e a dotación de persoal cualificado para o mesmo. Este é un tema prioritario.

Continua o Sr. Galego Feal expoñendo as queixas que recibe dos veciños sobre a situación do Parque Castelao, do monumento O Pallazo, rúa á altura de Electrofene e outros lugares do Concello.

Continua o Sr. Galego Feal dicendo que se están convocando determinadas prazas, e que hai unha serie de advertencias por parte da Secretaría sobre as bases da convocatoria; fai un rogo para que no sucesivo cando se confeccionen as bases da convocatoria se teña en conta incluír nos méritos a valorar o da cualificación profesional dos aspirantes.

Continua a súa intervención o Sr. Galego sobre as obras das beirarrúas de Barallobre, e o mal acceso ás vivendas.

Seguidamente intervén o Sr. Alcalde-Presidente, que en canto os rogos di que toma conta dos mesmos, e que en relación coa pregunta relacionada cos permisos das festas, habería que ver a cal delas se refire; que para dar o permiso para a celebración dunha festa ten que reunirse determinados requisitos. Está o regulado sobre os fogos artificiais, para cuia autorización se precisa un Plan de Seguridade; as solicitudes de permisos teñen que vir acompañadas da documentación esixida na normativa de aplicación, como é o seguro de responsabilidade civil, contratos, pago de taxas na sociedade xeral de autores, os TC da orquesta e/ou dos músicos, etc. As parroquias de Fene e Sillobre presentaron a solicitude incompleta, aunque ó final foi presentada a documentación que lles faltaba. Sobre os fogos de Barallobre, lle da a palabra á Concelleira Sra. Silvar Canosa; á pregunta da RPT contestará o Concelleiro Sr. Noceda Carballo; sobre os Centros de Ensino a Concelleira Sra. Roca Requeijo, e a Concelleira Sra. Couto Seijido, contestará á pregunta da subvención sobre o Centro de Día.

De seguido, pide o uso da palabra a Concelleira Sra. Silvar Canosa que fai unha exposición dos feitos acontecidos o día das festas de Barallobre. Continúa a súa intervención dicindo que en ningún momento se prohibieron echar os fogos artificiais; o que aconteceu foi que o

lugar onde en principio estaba previsto pola Comisión de festas, non era o máis idoneo, e ademáis non estaba a motobomba, polo que as circunstancias desaconsejaban continuar coa sesión dos fogos artificiais nese momento e lugar; continua a concelleira Sra silvar Canosa, dicindo, que foi avisada do que esta pasando, e tivo que tomar unha decisión nese momento que foi concensuada e aceptada por todos los presentes de xeito pacífico e sen problemas; o lugar elixido para facer a sesión dos fogos artificiais das festas de Barallobre foi a explanada do Cemiterio Municipal.

A continuación pide o uso da palabra o Concelleiro Sr. Noceda Carballo, quen unha vez concedida, dí que había unha subvención da deputación para a realización da RTP, que foi solicitada; está pendente de que a deputación nos comunique o axente externo para confeccionar a RTP.

Continua a súa intervención, o Sr. Noceda Carballo, dicindo que o axuste de funcións que se está estudiando realizar no caso de algúns traballadores non ten relación coa RTP.

Temos o caso dunha limpadora e dunha traballadora de axuda no fogar. Non hai posibilidade de reubicar a eses traballadores en postos de similar característica. Principalmente se adoptaría a solución de cambea-las de servizo; ou como é o caso da traballadora do fogar para que se incorpore a tarefas auxiliares, como as que realizan o resto das traballadoras en situacións similares. O goberno municipal vai a confeccionar un regulamento para que totalos/las traballares/as podan ter a oportunidade de que ante unha situación de deterioro da saúde, e non poidendo tramitar unha baixa por enfermidade ou a xubilación, poidan continuar traballando en postos para os que si estean capacitados/as.

A continuación, pide o uso da palabra o Sr. Galego Feal que, unha vez concedido, manifesta que pedir a invalidez non é unha solución. Que é o grupo de goberno quen, ten que darlle solución ó problema.

A continuación, toma a palabra, a concelleira Sra. Roca Requeijo, para contestar á pregunta formulada polo Sr. Galego Feal sobre as obras nos centros de ensino, conforme o orzamento do ano 2008 xa está repartido, e para o ano 2009, hai unha cantidade que aún está sen cuantificar, segundo o manifestado polo delegado.

Continua a Sra Roca Requeijo, contestando sobre a situación do tractor, que se averiód, e para non ter que subcontratar o servizo se pediú prestado por unhos días ó do Concello de Mugar dos; esta é un práctica habitual, como cando o Concello de Fene, prestóulle un camión do servizo de recollida de lixo ao Concello de Mugar dos.

Continua a Sra Roca Requeijo dicindo que se está en trámites coa Conselleria do Medio Rural a adquisición dun tractor.

A continuación, pide o uso da palabra a Sra. Couto Seijido que, unha vez concedido, contesta á pregunta formulada polo Sr. Galego Feal sobre a subvención para un centro de Día, que de cara o ano 2009, hai un compromiso co consorcio. Que a deputación non garantiza a cantidade necesaria para acometer as obras. O consorcio pon o 80% e o resto o Concello. O problema dos terreos non está resolto.

Pide a palabra o concelleiro Sr. Sánchez Martínez que pregunta polo retraso no estudo das ofertas para a depuradora. Que as beirarrúas da rúa que vai por detrás do Círculo de Perlio, rúa Rio Cadavo, non quedaron ven; e as beirarrúas da Avda Marqués de Figueroa.

Contesta o Sr. Alcalde Presidente que hai unha promesa de Medio Ambiente sobre a Edar para xa iniciar os trámites; e en canto á situación das beirarrúas que se están revisando e repoñendo as que están mal.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión ás dezanove horas e vinte e cinco minutos do día ao comezo sinalado, estendéndose de todo elo a presente acta, do que eu, secretaria accidental, dou fe.

Vº e prace,
O Alcalde-presidente

A secretaria acctal ,

Asdo. José Iván Puentes Rivera.

Asdo.: Ana Mª Vázquez Menéndez.